

Igrexa de Almofrei (parroquial de San Lourenzo)

Patrimonio Cultural do
Concello de Cotobade

Descrición

A igrexa ten planta de cruz latina aínda que un dos seus brazos curtos foi substituído por un pequeno volume que debe de facer ás veces de Sacristía. Presenta unha pequena lanterna no cumio do brazo corto da cruz e pináculos nas catro esquinas da cabeceira, tamén pilastras nos cantos e dúas portas simuladas no lateral oeste con molduras. De estilo barroco, a fachada principal ten sobre a porta unha fornella coa imaxe de San Lourenzo. No cumio, espadana de dobre van rematada nun só vano e cruz de pedra.

Destaca especialmente o muro de peche do adro no que se atopan antigos nichos de enterramento e un banco corrido cara ao interior.



Adscrición cultural

Moderna

Tipoloxía

Igrexa

LOCALIZACIÓN

Parroquia

Almofrei

Lugar

A Arrotea

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 537195 Y: 4698377

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.549313 O

Latitude: 42.434894 N

